

BASES DA PROMOCIÓN “Protección de Pagamentos 2024”
(do 25 de novembro de 2024 ao 31 de marzo de 2025)

1. **Entidade promotora:** a entidade promotora da promoción “Protección de PAGAMENTOS 2024” (en diante, a “Promoción”) é BanSabadell Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros ⁽¹⁾, con NIF A-64194590 e domicilio social na rúa Isabel Colbrand, 22, 28050 Madrid, inscrita no Rexistro de Entidades Aseguradoras da DXSeFP, con clave C-0767 (en diante, “Entidade Promotora” ou BSSG”).
2. **Período Promocional:** do 25 de novembro de 2024 ao 31 de marzo de 2025, ambos inclusive (en diante, o “Período Promocional”), sen prexuízo do cal poderá ampliarse, suspenderse ou cancelarse por parte da Entidade Promotora en calquera intre.
3. **Produto promocionado:** seguro Protección de Pagamentos Anual Renovable de BSSG contratado a través de BanSabadell Mediación, Operador de Banca-Seguros Vinculado del Grupo Banco Sabadell, S.A. (en diante, “BanSabadell Mediación”), contratado segundo o disposto nestas Bases (en diante, “Seguro Promocionado”).
4. **Participantes:** poderán participar na presente promoción e beneficiarse desta aqueles clientes persoas físicas, maiores de idade e residentes en territorio español, que contraten, como tomador, o Seguro Promocionado durante o Período Promocional. (en diante, o ou os “Participante/s”).
Quedan expresamente excluídos como participantes os empregados e exempregados do Grupo Banco Sabadell.
5. **Incentivo promocional:** os Participantes que cumpran as condicións da promoción establecidas na cláusula 6 destas Bases recibirán un ingreso único, mediante transferencia bancaria, por parte da Entidade Promotora, nun prazo de entre **SESENTA (60) a NOVENTA (90)** días a contar dende a data de cobramento efectivo do primeiro recibo do Seguro Promocionado e na mesma conta na que se realice o pagamento do devandito seguro.

O Incentivo promocional unicamente se pagará na primeira anualidade do Seguro Promocionado. O importe do incentivo será de **CEN euros (100 €)** por cada nova póliza do Seguro Promocionado nos termos previstos nestas Bases.

6. **Condicións da promoción:**
 - a. Para ter dereito ao incentivo promocional (segundo este se define na cláusula 5), o Participante deberá ter unha solicitude de contratación do Seguro Promocionado, entre o 25 de novembro de 2024 e o 31 de marzo de 2025, con data máxima de entrada en vigor da póliza o 31 de marzo de 2025. Deberá mantelo durante, ao menos, un ano ao corrente de pagamento. A contratación da póliza está suxeita ás normas de subscripción de BSSG, así como á documentación precontractual e contractual correspondente.
 - b. A prima total anual do seguro Protección de Pagamentos Anual Renovable deberá ser **igual ou superior a CENTO CINCUENTA euros (150 €)**.
 - c. En caso de resolución anticipada do Seguro Promocionado, ou resolución antes de que transcorra un ano dende a súa entrada en efecto, ou impagamento dalgún dos recibos, perderase o dereito ao Incentivo.
 - d. **Quedan expresamente excluídas desta promoción:** (i) as substitucións de pólizas do Seguro Promocionado, así como (ii) aquelas pólizas do Seguro Promocionado que se anulasen e posteriormente reactivasen (ou que se contratasen de novo, pero que aseguran un risco que xa se asegurara con anterioridade), cando algún dos supostos indicados en cadanseus numerais (i) e (ii) anteriores do presente apartado se producise en menos de **30 días** entre a data de baixa da póliza que tiña contratada e a data de solicitude da nova póliza, a través de calquera das canles de contratación mediante as que se contratasen os correspondentes seguros.
Tampouco se entenderán como novas contratacións as renovacións da/s póliza/s dos Seguros Promocionados.
 - e. **A participación e beneficios desta promoción son incompatibles coa participación e percepción de beneficios en calquera outra promoción activa á que o Participante teña dereito con razón dos mesmos produtos.**

BASES DA PROMOCIÓN “Protección de Pagamentos 2024”
(do 25 de novembro de 2024 ao 31 de marzo de 2025)

7. **Información básica sobre Protección de Datos Persoais:**

Responsable	BanSabadell Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros
Finalidade	Xestión da promoción “Protección de Pagamentos 2024”, asociada á contratación do contrato dun seguro de Protección de Pagamentos.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade.
Info. adicional	Pode consultar a información adicional en https://www.sabadellsegurosypensiones.com/es/sobre-nosotros/tratamiento-datos-bssg

8. **Fiscalidade:** aplicarase a fiscalidade vixente no momento do ingreso do incentivo. Na actualidade, o ingreso do incentivo ten a consideración de ganancia patrimonial no IRPF e non está suxeita a retención.
9. A aceptación das presentes Bases supón a plena conformidade con estas, así como a aceptación do criterio da Entidade Promotora na resolución de calquera controversia ou conflito que puidese xurdir no desenvolvemento da Promoción, sempre que non prexudiquen indebidamente os participantes.

⁽¹⁾ Protección de Pagamentos Anual Renovable é un seguro de BanSabadell Seguros Generales Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, con NIF A64194590, domicilio social na rúa Isabel Colbrand nº 22, 28050, Madrid, inscrita no Rexistro de Entidades Aseguradoras da DXSeFP, coa clave C-0767.

Seguro mediado por **BanSabadell Mediación, Operador de Banca-Seguros** Vinculado del Grupo Banco Sabadell S.A. (“BanSabadell Mediación”) e comercializado a través da rede de Banco de Sabadell S.A., entidade coa que ten subscrito un contrato de prestación de servizos de rede de distribución. BanSabadell Mediación ten domicilio en Avenida Óscar Esplá, 37, 03007 Alacante, NIF A03424223, e está inscrita no Rexistro mercantil de Alacante e no Rexistro administrativo de distribuidores de seguros e reaseguros da DXSeFP con clave nº OV-0004, actuando para BanSabadell Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros, tendo subscrito un seguro de responsabilidade civil conforme ao disposto na normativa de distribución de seguros e reaseguros privados vixente en cada momento. Pode consultar as entidades aseguradoras coas que BanSabadell Mediación celebrou un contrato de axencia de seguros na web www.bancsabadell.com/bsmediacion